

b) Sobre a existencia dunha denominación total ou parcialmente homónima ou dunha marca, ou sobre a posible existencia de produtos que se encontren legalmente no mercado polo menos durante os cinco anos anteriores á data de publicación prevista no artigo 5.1.

c) Sobre os elementos que permitan concluír que o nome do que se solicita o rexistro ten carácter xenérico.

Artigo 7. *Aceso ao expediente e petición de informes.*

1. Iniciado o procedemento, tanto o prego de condicións como a solicitude de inscrición e a súa documentación anexa estarán á disposición, para o seu exame, da parte opoñente e de calquera persoa física ou xurídica legalmente interesada, logo de solicitude formal ao órgano competente da comunidade autónoma, ou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

2. A Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación solicitará, se é o caso, un informe ás comunidades autónomas afectadas, que o remitirán no prazo de 15 días hábiles contado desde a recepción da petición do informe.

Artigo 8. *Resolución e recursos.*

1. A resolución, que deberá motivarse, será adoptada polo órgano competente da comunidade autónoma, ou polo director xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma, e será notificada ao solicitante da inscrición e a cantos se opuxesen a ela.

As comunidades autónomas comunicarán a resolución ditada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os efectos do establecido no artigo 10.

2. Contra a resolución que resolva o procedemento de oposición poderanse interpor os recursos que procedan conforme a lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución.*

O prazo máximo para resolver o procedemento de oposición, así como para notificar a resolución, será de seis meses contados a partir da solicitude de oposición cando o ámbito territorial da denominación abarque o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 10. *Transmisión das solicitudes á Comisión Europea.*

1. Unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 4.3 e resolto o procedemento de oposición, se é o caso, transmitirase a solicitude de inscrición á Comisión Europea.

2. A realización da dita transmisión será comunicada inmediatamente á comunidade autónoma correspondente.

Artigo 11. *Protección nacional transitoria.*

Unha vez que se transmita a solicitude de rexistro á Comisión Europea, poderá concederse unha protección nacional transitoria, segundo o previsto no artigo 5.5 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado* do regulamento, prego de condicións ou norma relativa á denominación remitidos pola comunidade autónoma.

Para tal efecto, o dito regulamento, prego de condicións ou norma relativa á denominación serán ratificados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sempre que a protección outorgada se axuste ao ordenamento xurídico vixente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

20195 *REAL DECRETO 1415/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a pesca do coral vermello e a súa primeira venda.* («BOE» 293, do 8-12-2005.)

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, regula no seu título I a pesca marítima en augas exteriores e establece os requisitos e condicións para o seu exercicio.

A pesca do coral vermello (*Corallium rubrum*) está regulada no Real decreto 1212/1984, do 8 de xuño, que establece a normativa referida aos fondos mariños, as artes e as zonas permanentes de veda, así como os requisitos e condicións para o exercicio da actividade.

A progresiva escaseza deste recurso pesqueiro aconsella unha nova regulación relativa ao esforzo pesqueiro sobre a súa extracción, así como o establecemento do procedemento para a concesión das autorizacións para o exercicio da actividade, de conformidade co establecido na Lei 3/2001, do 26 de marzo, e na normativa comunitaria, en especial, no Regulamento (CEE) n.º 3690/93 do Consello, do 20 de decembro de 1993, polo que se establece un réxime comunitario que determina as normas relativas á información mínima que deberán conter as licenzas de pesca.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades afectadas do sector, e someteuse a informe do Instituto Español de Oceanografía.

Este real decreto dítase ao abeiro da facultade que lle confire ao Goberno a disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas de aplicación ao exercicio da pesca do coral en augas baixo soberanía ou xurisdición española, con excepción das augas interiores.

Artigo 2. *Peso e tamaño das capturas.*

1. A cota máxima de extracción de coral por ano e pescador será de 400 quilogramos de coral en bruto, incluíndo o cómputo das extraccións autorizadas polas comunidades autónomas en augas interiores.

Para os efectos daquilo que establece o parágrafo anterior, só se aceptará unha diferenza do 10 por cento entre o coral en bruto e o coral neto.

2. Non se poderá extraer ningunha rama de coral vermello de diámetro inferior aos sete milímetros no punto de fractura.

3. A medición efectuarase en todas e cada unha das ramas extraídas e medirase o diámetro da base de cada colonia sempre por encima da placa basal que fixa o coral ao substrato.

Artigo 3. *Normas técnicas.*

A extracción de coral vermello estará suxeita ás seguintes normas técnicas:

a) Só se poderá realizar á man, utilizando unicamente picañas e cortando pola base do eixe central. Usaranse exclusivamente escafandros autónomos e semiautónomos.

b) Unicamente se poderá realizar unha operación de extracción por día, polo que de ter operado en augas interiores non se poderá realizar outra extracción.

c) A actividade realizarase exclusivamente no período de tempo comprendido entre o orto e o ocaso do sol.

d) O mergullador autorizado deberá cumprir con todos os preceptos establecidos pola normativa en vigor en materia de seguridade no mergullo.

Artigo 4. *Autorizacións.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, outorgará as autorizacións de pesca do coral.

2. O número de autorizacións por zona de pesca do coral poderá ser limitado mediante orde ministerial en función das condicións do caladoiro.

3. A autorización expedirase por un ano e para cada unha das zonas e unha persoa só poderá ser titular dunha autorización por zona. A autorización ten carácter persoal e intransferible.

4. O titular da autorización deberá levala a bordo da embarcación auxiliar.

5. Non se lles outorgarán autorizacións aos solicitantes que fosen sancionados no exercicio desta actividade por unha resolución firme de calquera Administración pública nos 24 meses anteriores á data da solicitude.

Artigo 5. *Regulación do procedemento de concesión de autorizacións.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, mediante orde, o número de autorizacións outorgables, os criterios de valoración e as condicións particulares daquelas, dirixidas á mellora do recurso pesqueiro e á optimización da súa xestión, así como as zonas de pesca.

2. O desfrute dunha autorización non comportará máis efectos ca os establecidos na orde ministerial mencionada no punto anterior.

Artigo 6. *Prohibicións.*

No exercicio da pesca de coral vermello queda expresamente prohibido:

a) A tenza, o transporte, a exposición e a venda das ramas de coral de tamaño inferior á regulamentaria.

b) A extracción de coral desde embarcacións de superficie ou artefactos submarinos.

c) A captura de calquera outro organismo vivo na inmersión que non sexa coral vermello.

Artigo 7. *Libro de rexistro do coral.*

1. Cada mergullador autorizado deberá dispoñer do libro de rexistro de pesca de coral vermello expedido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación segundo o modelo recollido no anexo, que deberá ser presentado na confraría de pescadores do porto de desembarque xunto co coral extraído. O secretario da confraría certificará o peso do coral extraído e o tamaño das ramas nas correspondentes follas do libro e deberalles remitir ás áreas funcionais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos e informes que estableza o correspondente departamento. No suposto de que o desembarque se faga en día festivo ou a confraría estea pechada, presentaranse o seguinte día hábil.

2. Durante o transporte e na súa primeira venda, o coral deberá estar acompañado do certificado que expida a confraría da folla correspondente do libro de rexistro.

3. Así mesmo, remitirase unha copia do devandito certificado á Secretaría Xeral de Pesca Marítima, así como un informe mensual das capturas certificadas.

Artigo 8. *Primeira venda.*

A primeira venda de coral vermello poderase realizar na lonxa do porto de desembarque ou en calquera outro lugar autorizado para iso. No momento de cada venda, o vendedor e o comprador deberán cubrir os datos correspondentes da folla do libro de rexistro de pesca de coral vermello. O vendedor deberalle remitir unha copia daquela, nas 48 horas seguintes á venda, á Secretaría Xeral de Pesca Marítima e ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se producise a venda.

Artigo 9. *Comisión de seguimento.*

1. Créase na Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha comisión de seguimento, para os efectos de coordinar a actividade de pesca do coral e de seguimento do esforzo pesqueiro.

2. Poderanse integrar na devandita comisión as comunidades autónomas que dispoñan de bancos de coral en augas interiores ou nas augas xurisdicionais situadas fronte ao seu litoral.

3. A comisión estará integrada por un presidente e os vogais, ademais do secretario.

4. A presidencia corresponderalle ao secretario xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou á persoa en quen delegue.

5. Son vogais da comisión:

a) O director xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

b) Un representante de cada comunidade autónoma, de ser o caso.

6. Actuará como secretario da comisión un funcionario da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con categoría, polo menos, de xefe de área, designado polo secretario xeral de Pesca Marítima.

7. A comisión rexerese polo establecido en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, a comisión poderá aprobar as normas de réxime interno que considere procedentes para o seu funcionamento.

Artigo 10. *Infraccións.*

As infraccións ao disposto neste real decreto serán sancionadas, de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 11. *Comunicación de datos.*

1. Para os efectos do cumprimento da normativa comunitaria e das obrigas derivadas para España dos convenios, acordos ou tratados internacionais sobre protección e conservación do coral vermello, os órganos competentes das comunidades autónomas deberánlle remitir semestralmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos sobre peso e tamaño do coral capturado nas súas augas interiores.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, poderá solicitar datos complementarios cando así o exixa o cumprimento das obrigas a que se refire o punto 1.

Disposición adicional primeira. *Mostras.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderalles solicitar aos mergulladores a cesión de mos-

tras do coral vermello extraído co obxecto de analizar a súa bioloxía ou o estado do recurso.

Disposición adicional segunda. *Repercusión económica.*

A creación e funcionamento da comisión non suporá incremento do gasto público e o seu funcionamento será atendido cos recursos humanos e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os reais decretos 1212/1984, do 8 de xuño, polo que se regula a pesca do coral, e 2090/1984, do 10 de outubro, sobre tipos de infraccións na actividade de pesca de coral.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, excepto o artigo 8, que constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto no ámbito das súas competencias e, en particular, para modificar o peso e o tamaño do coral vermello establecidos no artigo 2 en función do estado do recurso ou de conformidade co establecido na normativa comunitaria e nos convenios, acordos e tratados internacionais dos cales a Unión Europea ou España sexan parte.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

LIBRO DE REXISTRO DE PESCA DE CORAL

LIBRO NÚMERO

RECIBO DE ENTREGA

Este libro de rexistro de pesca de coral, que consta defollas, numeradas do ao, entrégase a don /dona, con número de DNI ou NIE (ou, no defecto do NIE, número de pasaporte), domiciliado en r/, C.P., titular da autorización para a pesca de coral número, para a zona de, outorgada por resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do de de

("BOE" número, do de de)